



Visto o decreto de alcaldía de 18/12/2019, polo que se convocan as probas selectivas para o nomeamento en propiedade, a través do proceso selectivo de oposición dunha praza de Funcionario/a de carreira, pertencente ao grupo “A”, subgrupo “A2”, encadrado na Escala de Administración Xeral, Subescala de Xestión, baixo a denominación “Técnico de xestión” e se aprobaron as bases que rexen o procedemento.

Visto o anuncio publicado BOP (Nº 244 de 24/12/2019), DOG (nº 24 de 05/02/2020), BOE (nº 56 de 05/03/2020).

Visto o decreto de alcaldía 2020/0475 de data 08/07/2020 polo que se aprobou a listaxe provisional de admitidos e excluídos.

Visto o decreto de alcaldía 2020/917 de data 26/10/2020 polo que se aproba, ante a ausencia de reclamacións, a listaxe definitiva de admitidos e excluídos, se nomea o tribunal e se convoca ao primeiro exercizo para o día 11/11/2020 ás 10:00 horas na casa da cultura do concello de Porto do Son sita na rúa Campo de Atalaia (Porto do Son).

Visto decreto de alcaldía 2020/1085 de data 23/11/2020 polo que se aproban as notas correspondentes ao primeiro exercizo do proceso selectivo de oposición dunha praza de Funcionario/a de carreira, pertencente ao grupo “A”, subgrupo “A2”, encadrado na Escala de Administración Xeral, Subescala de Xestión, baixo a denominación “Técnico de xestión”, e se outorga un prazo para alegacións á corrección do primeiro exercizo

Visto o decreto de alcaldía 2020/ 1182 de data 7/12/2020 polo que se rexeitan as alegacións presentadas á corrección do primeiro exercizo e se elevan a definitivas as notas deste primeiro exercicio

Visto o acordo do Tribunal de 11/12/2020 polo que se convocan ós aspirantes que teñen superado o primeiro exercizo da fase de oposición se convoca ao segundo exercizo para o día 17/12/2020 ás 10:00 horas na casa da cultura do concello de Porto do Son sita na rúa Campo de Atalaia (Porto do Son).

Vista a acta do Tribunal de selección trala realización do segundo exercizo:

ACTA PROCESO SELECTIVO

Lugar:	<i>concello de Porto do Son</i>
Data:	<i>día 17/12/2020, ás 13:00 horas</i>
Proceso selectivo:	<i>Técnico de Xestión A2 concello Porto do Son</i>

Reunidos en Porto do Son, no lugar e data enriba indicados os seguintes:

- *Presidente: María del Mar Lirola Delgado*
- *Vogal: Dalmiro Méndez Nuñez, Paula Ares Otero, Leopoldo Moure Dopico*
- *Secretaria: Elsa González Villarino*



Aos efectos de levar a cabo a corrección do segundo exercizo relativo á resolución por escrito de varios supostos prácticos do proceso selectivo enriba indicado, tal e como sinalan as bases publicadas no BOP nº 244 de 24/12/2019 procédese, por parte dos citados, á corrección do mesmo.

Acto seguido procédese, segundo o marcado nas bases publicadas no BOP nº 244 de 24/12/2019, en concreto na base 8 letra b) parágrafo 3 polo que o exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos sendo necesario para supéralo acadar una puntuación conxunta mínima de 5 puntos.

Unha vez feito o anterior, procédese a levar a cabo a apertura dos sobres coa declaración responsable e datos persoais e a emparellalos coas respostas ao segundo exercizo aos efectos de acreditar a identidade de cada opositor/a, resultando:

Nome	Presentado/Non presentado	Puntuación sobre 10 puntos
Garrido Montenegro Nerea	Presentada	7,5
Lojo Formoso Manuel Jesús	Presentado	Non apto/a
Lorenzo Pazos Berta	Non Presentada	-----
Olveira Arcos María	Presentada	Non apto/a
Sampedro Rego Sandra	Presentada	Non apto/a
Soto Viveiro Jesús Manuel	Presentado	Non apto/a
Torrado Ares María Dolores	Presentada	Non apto/a

O Presidente

A Secretaria

Diligencia.- A poño eu Secretaria para facer constar que a presente acta foi elaborada en data 17/12/2020 e asinada dixitalmente na data que figura na sinatura dixital.

Visto o disposto no artigo 7.3 das bases da convocatoria (BOP nº 244 de 24/12/2019):

3.- Os/As aspirantes disporán dun prazo de 3 días hábiles para presentar alegacións á corrección dos exercicios da oposición e á valoración do concurso

Visto o disposto no artigo 21.1 g/ da Lei 7/1985 de 2 de abril e o réxime de delegación de competencias do concello de Porto do Son (BOP nº 133 de 16/07/2019) e as bases da convocatoria,

RESOLVO

Primeiro.- Aprobar as notas correspondentes ao segundo exercizo do proceso selectivo de oposición dunha praza de Funcionario/a de carreira, pertencente ao grupo "A", subgrupo "A2", encadrado na Escala de Administración Xeral, Subescala de Xestión, baixo a denominación "Técnico de xestión" co seguinte teor:

Nome	Presentado/Non presentado	Puntuación sobre 10 puntos
Garrido Montenegro Nerea	Presentada	7,5
Lojo Formoso Manuel Jesús	Presentado	Non apto/a
Lorenzo Pazos Berta	Non Presentada	-----





<i>Olveira Arcos María</i>	<i>Presentada</i>	<i>Non apto/a</i>
<i>Sampedro Rego Sandra</i>	<i>Presentada</i>	<i>Non apto/a</i>
<i>Soto Viveiro Jesús Manuel</i>	<i>Presentado</i>	<i>Non apto/a</i>
<i>Torrado Ares María Dolores</i>	<i>Presentada</i>	<i>Non apto/a</i>

Segundo.- Outorgar un prazo de 3 días hábiles para presentar alegacións á corrección do segundo exercizo.

Terceiro.- Publicar, ao abeiro do disposto nas bases (13.2), o correspondente anuncio na web municipal (portal emprego) e no taboleiro de edictos do concello.

Porto do Son, na data da sinatura dixital.

O ALCALDE- PRESIDENTE

Asdo. José Luís Oujo Pouso

A SECRETARIA, dou fe,

Asdo. Lucía Artime Alonso

